

Marilar Aleixandre*

Autopoética

A incerteza. Un territorio a metade de camiño entre o soñado e o vivido, un lugar imaxinario que reflicte nun xogo de espellos esquirolas do real, ás veces invertidas como se len os textos no fondo dos espellos. Unha forma de mirar que pretende levantar, unha miguíña, o veo a través do que ollamos o mundo que está fóra, suscitar o desacougo, a dúbida de se as cousas serán como parece que as vemos.

Durante un tempo crin que eu escollera a lingua na que escribo, pero Biel Mesquida convenceume de que foi a lingua quen me escolleu a min. Outra forma de dicilo é que foi un namoro e namorarse é algo irracional, non suxeito a leis obxectivas nin ós dictados da razón. Unha non se namora de alguén porque quere e veces hai en que namorarse non trae máis que complicacións. Non é pouco sarillo ter a lingua fendida, falar unha linguaxe con cada metade do padal.

Un dos primeiros relatos que escribín, cando tiña dezanove anos, trataba dunha viaxe á procura de algo que en realidade estaba na casa da que se partía. Marchar de viaxe e volver a casa, viaxar para poder volver, ter unha casa desde a que é posible emprender a viaxe, son temas recorrentes no que escribo e en moito do que leo, pois á fin escribir e ler son, como viaxar e volver, como soño e vixilia, só dúas

* Marilar Aleixandre (María Pilar Jiménez Aleixandre) naceu en Madrid o primeiro de maio de 1947, produto dunha mestizaxe de avoas e avós andaluces, valencianos e madrileños, e vive en Galicia desde finais de 1973. Estudou Bioloxía en Madrid e traballa como profesora, primeiro nun Instituto en Vigo, e na actualidade, como catedrática, na Universidade de Santiago de Compostela, onde ensina Didáctica das Ciencias e Educación Ambiental. Desde os anos 60 estivo vencellada á resistencia clandestina antifranquista e ó feminismo. Alterna a literatura xuvenil coa narrativa para adultos, sendo exemplos da segunda *Tránsito dos Gramáticos* (1993) e *Lobos nas illas* (1996); en 1997 acadou o premio Manuel Murguía polo relato *Desaforados Muños*. En canto á literatura infantil e xuvenil publicou títulos como *A formiga coxa* (1989), *Nogard* (1994), *A Expedición do Pacífico* —pola que recibiu o premio Merlín en 1994 e o Premio da Crítica en 1995, sendo a primeira vez que recae nunha muller e nun libro xuvenil— ou *O Trasno de Alqueidón*, premio Rañolas 1996 e finalista do Premio Nacional de Literatura infantil. Colabora en diversas revistas, *A Festa da palabra silenciada*, *Nó*, *Luzes de Galiza*, *Dorna* e no Boletín *Feros Corvos* do Batallón Literario da Costa da Morte, do que forma parte. Realizou a tradución para o galego de *A Caza do Carbarán* (1996) de Lewis Carroll, lista de Honra do IBBY, e de *Muller Ceiba* (1997) da poeta estadounidense Sandra Cisneros.

bandas dun mesmo espello. Estou convencida de que é imposible escribir sen ler moito, ler vorazmente, ás veces desesperadamente. Houbo ocasións en que os libros foron para min esa soga tendida sobre o abismo, ese cravo ardente do que termar cando batallaba para non perder tenza, para non despenarme por unha parede encosta que leva da lucidez á tolice. Ese papel de salvavidas é o que teñen os libros nalgúns dos meus relatos, como a Enciclopedia Escolar que le o preso en «Desaforados muños». Para min os libros máis estremecedores do noso tempo, Conrad, Plath, son os que mergullan no propio medo, medo á incompreensible morte, pois aínda que vida e morte son tamén dúas caras do espello pasamos os días tratando de esquecer que a morte é o único argumento; medo á tolice que aniña como unha larva monstruosa nun recanto da mente; medo á barbarie que acouga no corazón dos, supostamente civilizados, seres humanos. Escribir é un intento de poñer baixo control os terrores que espreitan, máis que fóra, nalgún lugar de nós, de crear esas sombras xémeas que poden confundir á morte cando veña procurarnos.

Comecei escribindo relatos e seguen sendo o meu territorio preferido, un destello, unha frecha guindada cara ás nubes, unha airada de palabras. Un relato pode ser a espiral que desenvolve unha imaxe, o territorio da redundancia, da idea que aparece e reaparece como as puntadas nun bordado, das visións múltiples en que se fragmenta unha historia. Non embargantes unha novela suscita desafíos doutro carácter, dar carne ós personaxes, tecer distintas voces nunha historia coherente. A madurez narrativa confírmase, creo, na capacidade de escribir novelas.

Interésame o reverso das historias, o que se pode relatar á luz da lareira e a sombra escura e fría que está detrás: os outros personaxes secundarios e o que lles ocorre debido ás accións dos protagonistas. Non sempre o papel principal corresponde ó que parece a primeira vista. A incerteza, o camiño entre o soñado e o vivido, se é que vivir é algo distinto e independente de soñar.

A Redeira

a Ana Román

Os pés do seu tear eran de pau de laranxo e a lanzadeira de marfil do unicornio mariño, que non en van era a esposa —anque abandonada, esquecida ou tal vez viúva— dun príncipe. E cos anos chegara a adquirir unha habilidade tal como tecedeira, que do que aparentaba ser o rutineiro abaticar dos lizos ían nacemento intrincados debuxos, arroaces e golfiños azuis, ourizos púrpura, rosadas luras e ata outros monstros nunca vistos e dos que ninguén na illa sabía o nome, e ela menos ca ninguén pois no canto de embarcarse nas cóncavas naves pasaba os días tecendo. Quizais seu home, se é que aínda vivía, mirara algunha vez, xurdindo do pélagos, aqueles enrodelados tentáculos, aquelas cegas cabezas. Pero era máis probable que non puidese velos, ou que se os vira non o puidese contar, porque, dicían, os seus

ósos xacían nas profundidades do abismo logo de perecer en loita cun deles nas axitadas travesías de Escila e Caribdis.

Sen embargo nin as mulleres que se afanaban en torno a ela, nin os pretendentes que a importunaban a cotío chegaran xamais a ver completado o debuxo, chegaran a admirar o arroaz na crista da onda, o extremo dos raios da lura, pois o que fora tecido durante o día aparecía desfeito á fin de cada noite, desganduxado o remate, soltos os fíos de liño, ennobelada a seda, como se ningunha das figuras trazadas con tanto primor o día anterior tivese existencia real fóra do lembrado ou imaxinado por quen a rodeaban. Mesmo a lembranza da trama resultaba difícil xa que ningún día gardaba parecido aquel deseño co do día anterior, e se un día o que se rebirichaba entre as escumas era un golfiño riscado, o seguinte semellaba unha quenlla e os raios da lura convertéranse nos fráxiles brazos da arañenta ofiura. Díciase que ela mesma destecía cada noite, á incerta luz de lámpadas de aceite, o labor do día. Contaban que argallara aquela estrataxema para burlar ós pretendentes que a apremaban para que escollese un de entre eles, que lle arrincaran a promesa de entregarse a un cando o tecido estivese acabado. Eles debían crer que, ó posuír o seu corpo moreno e lanzal, transformaríanse en heroes invictos como fora seu home, que a súa mirada torva mudaría en resplandecente intelixencia, que a partir dese día serían sabios e astutos no canto de xarotos e galloufeiros. Os pretendentes tiñan a certeza de que seu home non había volver, transcorridos xa máis de dez anos desde a fin da guerra, cheas de ferruxe as armas que se amoreaban nos cabaneis, cicatrizadas as feridas, casadas de novo as viúvas. Todas bardantes dela que aínda esperaba a volta do viaxeiro, que aínda corría cara ó peirao cada vez que os vixías anunciaban a chegada dun barco do que unha vez e outra desembarcaba un novo pretendente e nunca el.

Mais se alguén tivese a oportunidade de ollar o que facía ás noites, encerrada no seu cuarto, coas lámpadas prendidas, mentres unha fiel camareira destecía no tear e os pretendentes se entregaban á bebida e ó trouleo no grande salón, vería como, tirando dun estoxiño de madeira de urce sete agullas de ferro, entrallaba unha grande rede, tecida cun fío tan sutil que podería apañar nela os pións ou as xoubas máis miúdas, pero tan rexo que termaría dun tabeirón e mesmo resistiría a acometida dos seus dentes. Se era esta rede, único traballo que progresaba cos días, instrumento destinado a pescar no mar ou a apañar os paxaros que peteiraban as viñas en setembro, iso ninguén podía sabelo porque nin a viran nin sabían da súa existencia. Súa avoa fora redeira e tal vez era este labor unha invocación que a neta elevaba cada noite, na soidade do cuarto, para non desesperar. Ou poida que preparase a rede por se un rei ordenaba que se presentase ante el nin núa nin vestida, e fose esa a razón de que algunhas noites medise a rede contra o seu corpo espido e fermoso, envolvéndose nela como se probase unha túnica nova. Ata é posible que se algún dos pretendentes soubese que ela, ás noites, tecía unha rede, pensase que era unha actividade por facer a noite máis pasadía, pois adoitan os heroicos soldados crer que só eles actúan cun propósito e que os demais, sobre todo súas mulleres, móvense ás toas.

Por iso, cando seu home volveu, despois do batifundo de sangue, berros, tripas por fóra, despois de que el lle rebentase o fígado ós pretendentes e guindase as miudanzas ós cans, despois de que o salón estivese baldeado e limpo de sangue e mortas tamén as criadas que o limparon —só logo de limpar o salón foi cando as matou Odiseo—, despois de que el a chamase para o leito suntuoso e que ela lle pedise uns instantes

para acabar o tecido de vez, despois de que ela fose con el para o cuarto, ninguén se explicou de onde saíu aquela rede na que caeu enguedellado Odiseo, ninguén soubo que foi dela, onde puxo rumbo naquel barco en que marchou co seu can Argos, libre xa de agardar por el.

(1997, no centenario da creadora de Frankenstein)